



2014

DO AUDIBLE

música en diálogo
coa arte,
coa ciencia
e co pensamento
contemporáneos

XUNTA DE GALICIA

Presentación

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración de Vertixe Sonora, que procura a normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio.

Do Audible investiga puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento, que faciliten o achegamento do público non especializado e a conquista dunha percepción musical máis consciente. Proporciona en cada concerto unha experiencia singular e reveladora que devolve a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.

En Do Audible os concertos organízanse arredor dun foco temático —o tacto, o mar, o universo e o diabólico— e interactúan coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación da música esclarecedoras para os oíntes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comuñón da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

Con esta programación, que chega á súa segunda edición, a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ofrece un novo espazo de achegamento á música e ás expresións contemporáneas cunha programación desenvolvida en distintas cidades de Galicia que permite construír novas experiencias destinadas ao público xeral.

Do Audible 2014

Un ciclo de concertos que traza puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos

Tactus

Xoves 19 de xuño ás 20.00 h Sala Multiúsos Campus de Ourense da UVigo (Ourense)

Coa participación de Ana Romaní (poeta) e Traspediante Danza e coa colaboración da Aula de Acordeón do Conservatorio Profesional de Música de Ourense coordinada por Celia Adrián

Compositores: John Cage (EE.UU.), Daniel Zea (Colombia) e Hugo Morales (México)

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

O canto das baleas

Xoves 26 de xuño ás 20.00 h Museo do Mar de Galicia (Vigo)

Coa participación do divulgador Francisco Ramos (autor de *La música del siglo XX. Una guía completa*, ed. Turner)

Compositores: Charles Antoine Fréchette (Canadá) e Fernando Garnero (Arxentina)

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

Música das esferas celestes

sábado 11 de outubro ás 20.00 h Casa das Ciencias (A Coruña)

Coa participación do profesor, ensaísta e comisario Lluís Nacenta

Compositores: Karlheinz Stockhausen

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

A música e o diabólico

Venres 14 de novembro ás 20.00 h Sexto Edificio, Museo de Pontevedra (Pontevedra)

Coa participación do profesor e ensaísta Enrique Gavilán (autor de *Otra historia del tiempo*, ed. Akal)

Compositores: Salvatore Sciarrino (Italia), Pier Luigi Billone (Italia), Mauricio Pauly (Costa Rica)

Interpreta: Distracfold Ensemble (Manchester), agrupación convidada Do Audible 2014

Máis información: cultura.xunta.es

Todos os concertos son de balde. Entrada libre ata completar a capacidade.

Organiza: Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa colaboración de Vertixe Sonora.

Tactus

Xoves 19 de xuño ás 20.00 horas Sala Multiúsos do Campus de Ourense da UVigo (Ourense)

Con Ana Romaní (poeta) e Traspedante Danza e coa colaboración Aula de Acordeón do Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Programa

John Cage (Los Ángeles 1912 - Nova York 1992)

Hugo Morales Murguía (México)
Xerador1 (2013)

Estudo sobre o salto (2014)

Estudo sobre a carne (2014)

Daniel Zea. Kinecticut (2012)

(Estrea mundial, encomenda Vertixe Sonora Ensemble)

“Os latexos do corazón dun home respirando tranquilamente”. Así describía en 1496 o teórico Franchinuss Gaffurius o *tactus*, termo que designaba nos séculos XV e XVI a pulsación da música e que se indicaba mediante un movemento ascendente e descendente da man, unha leve oscilación que simboliza humildemente a íntima relación que, entre movemento do corpo e a música, logra a súa máxima expresión na danza.

Tactus, proposta conceptual centrada na percepción sensible do son, reúne todas estas referencias nun espectáculo de música, danza e poesía ao redor da respiración, do tacto, do aloumiño, da violencia física e da fricción dos corpos.

Textos e recitado de Ana Romaní.

AULA DE ACORDEÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE OURENSE

Nicolás Fernández / Noelia González / Rocío Mosquera / Álvaro Pérez / Erea Carbajales / Xián Vázquez / José M. Domínguez / coordina Celia Adrián

TRASPEDIANTE DANZA

Begoña Cuquejo, Nuria Sotelo, Maciek Sado, Miguel Gendre

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello saxofón / Celia Adrián acordeón / Diego Ventoso percusión / Ramón Souto guitarra eléctrica

Sobre as obras e os compositores




De esquerda a dereita, John Cage, Hugo Morales e Daniel Zea

John Cage (Los Ángeles 1912 – Nova York 1992) é unha das figuras máis importantes da arte contemporánea, non só polas súas innovacións no campo da música senón como pensador, escritor e filósofo. O que vai converter John Cage nun dos grandes innovadores musicais deste século apartándoo da tradición europea é a procura da "obra aberta" e a introdución da aleatoriedade. Un exemplo deste traballo é o que se presenta nesta sesión.

Compositor e artista sonoro con sede en Holanda, **Hugo Morales Murguía** (México, 1979) é o responsable do comisariado deste programa onde, ademais, presenta tres pezas da súa autoría, dúas delas estreas mundiais —*Estudo sobre o salto* e *Estudo sobre a carne*—. O seu traballo, que actualiza procedementos de autores fundamentais coma Cage ou Alvin Lucier, céntrase no desenvolvemento de instrumentos alternativos para a xeración de son. Está baseado na extensión dos instrumentos tradicionais ou implementacións instrumentais de obxectos rudimentarios; en canto á técnica, notación, modificación física e diversos usos da tecnoloxía adoitan ser elementos que definen a súa composición e a interpretación musical.

Daniel Zea (Colombia, 1976). Deseñador e compositor colombiano establecido en Xenebra. O seu universo artístico xira ao redor da música instrumental e electroacústica, así como da programación. Colabora regularmente en proxectos interdisciplinares (danza contemporánea, *performance*, artes visuais) e é profesor da Alta Escola de Arte e Deseño de Xenebra (HEAD), onde ensina elementos básicos para a programación de plataformas interactivas de imaxe e de son. É membro fundador do Ensamble Vortex, no cal participa como compositor e intérprete de música electroacústica.

Sobre as artistas participantes



A esquerda, a poeta Ana Romani; á dereita, Traspiedante Danza

A poeta: Ana Romani, Noia (A Coruña), 1962.

Escritora e xornalista. Locutora da Radio Galega. Desde hai trece anos dirixe o programa *Diario Cultural*, de emisión diaria. É autora dos poemarios *Palabra de mar* (Ed. Espiral Maior, 1987), *Das últimas mareas* (Ed. Espiral Maior, 1994), *Arden* (Ed. Espiral Maior, 1998), o conto *Marmelada de amoras* (Nova 33, 1997) e *Antoloxía de Antón Avilés de Taramancos* (Ed. Galaxia, 2003). Coordinou o volume de relatos *Narradio. 56 historias no ar* (Ed. Xerais, 2003), promovido polo *Diario Cultural* da Radio Galega. A súa obra está recollida en diferentes antoloxías e libros colectivos. Participou en distintos proxectos artísticos, entre eles *O son da pedra*, de Milladoiro; *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once poetas galegas*, da Fundación Rosalía de Catro; *Son Delas*, coordinado por Uxía Senlle; *Lob*s* (1998), con Antón Lopo; *Estalactitas* (2002), con Anxos Romero e Lupe Gómez; *Catro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade* (2002), en solitario; e *A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos*, con Anxo Quintela.

Traspiedante Danza

Traspiedante é unha compañía de artes escénicas que centra a súa creación no corpo e na danza. No ano 2010 gaña o Premio Inxuve á mellor proposta escénica coa obra *Habelas*. Outras obras da compañía son *Nin1mm*, *Baila el vestido verde*, *Planificar a caída*, *Up2down*, *Track6* ou *Corpocámara-sitespecific*. Actuou na Mostra de Teatro de Cee, no Teatro NN Lublin Polonia, en Escena Doméstica en Chile, Localidades Agotadas Oviedo, no Festival de Urones de Castroponce Fetal, nos escenarios da Rede de Teatros e Auditorios de Galicia, na FIOT de Carballo etc.

Ademais, Traspiedante traballa como un artellador de proxectos culturais relacionados coa danza como corpo(a)terra (Festival de Artes do Corpo de Ourense), e dirixe D-Ou-tras Aula de Danza da Universidade de Vigo (no campus de Ourense), entre outros proxectos.

O canto das baleas

Xoves 26 de xuño ás 20.00 horas. Museo do Mar de Galicia (Vigo)

Coa participación do divulgador Francisco Ramos (autor de *La música del siglo XX. Una guía completa*, ed. Turner)

Coa colaboración do músico e profesor Abraham Cupeiro

Programa

Charles Antoine Fréchette (Canadá, 1981) *Toposition(s)#3* (2013)

Fernando Garneró (Arxentina, 1976) *Ballad* (2010)

En *O canto das baleas* mergullámonos nas obras inspiradas no mar aparecidas no século XX da man do crítico e divulgador de música contemporánea Francisco Ramos. Un século que comezaba cos exemplos que nos regalaba Debussy en *O mar* e Ravel en *Gaspard de la nuit* e que tivo no mar un estimulante e recorrente disparador da imaxinación sonora. Da man de Abraham Cupeiro escoitaremos un karnix, instrumento celta co que evocaremos o canto de baleas corcovadas do leste de Australia.

O relator: Francisco Ramos



Autor de *La música del siglo XX. Una guía completa*, publicado por Turner Música, un volume fundamental para achegarse á música do noso tempo en lingua española, Francisco Ramos é crítico de música contemporánea en revistas especializadas como *Scherzo*, *Nova Música*, *Espacio Sonoro* etc. Publicou escritos ao redor de aspectos da música do século XX como *Música y esoterismo*, *La música en los campos de concentración nazis*, *La tragedia de escucha*, *La vanguardia musical norteamericana*, entre outros. Neste labor de difusión, tamén ocupan un lugar importante as conferencias e, igualmente, os concertos e obradoiros sobre a obra musical moderna que organizou no Centro Andaluz de Arte Contemporánea.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alessandra Rombolà, frauta / Pablo Coello, saxofón / Criptana Angulo, violonchelo / David Durán, piano / Diego Ventoso, percusión / Ramón Souto, difusión de son

Sobre as obras e os compositores



À esquerda, Charles-Antoine Fréchette; á dereita, Fernando Garnero

Charles-Antoine Fréchette, compositor quebequés nado en 1981, gañador do primeiro premio na categoría solo de piano do Concurso Nacional para Novos Compositores da CBC/Radio e cinco premios da SOCAN Fundación para Novos Compositores. Recibiu doazóns e comisións do CAC, CALQ e CIRMMT. É membro fundador do Chorum Ensemble. Charles-Antoine Fréchette investiga en *Toposition(s)#3* paisaxes sonoras marítimas en disposicións non convencionais e diferentes no espazo do ensemble. Escrita para saxofón, percusións, piano e violonchelo amplificadas, representa diversos comportamentos das ondas –lixeira borrasca, pequenas ondas rompendo nas pedras, forte marusía–, pero tamén os sons das baleas aos que se fai referencia no título do programa –baleas con xiba e belugas– e o interior resoante dun barco atrapado nunha tempestade.

Nado en Arxentina en 1976 e residente en Xenebra, o compositor arxentino **Fernando Garnero** dálle inicio en *Ballad* ao seu ciclo *Avoidances*, onde constrúe gramáticas imaxinarias a partir da confrontación de obxectos estéticos referenciados preexistentes. Escrita para frauta, saxofón, piano, percusión e electrónica, en *Ballad* somete un estándar do jazz —a versión pianística de Oscar Peterson da balada *How long has this been going on* de George e Ira Gershwin— a continuos cambios a diferentes niveis. A estrutura harmónica e o perfil melódico do orixinal, dilatados temporalmente ao extremo, e progresivamente filtrados, conforman un estrato continuo.

A música das esferas

Sábado 11 de outubro ás 20.00 horas. Casa das Ciencias (A Coruña)

Coa participación do profesor, ensaísta e comisario Lluís Nacenta

Programa

Karlheinz Stockhausen – Ángel Faraldo

Tierkreis revisitado

Desde Pitágoras e Platón, a ancestral tradición que consideraba o universo como un grande instrumento musical en permanente resonancia mantívose con variacións ata a actualidade, cando os poderosos sistemas de medición da NASA deron verificado que certamente os corpos celestes emiten sons harmónicos, a denominada “música das esferas”, e científicos de prestixio, como a investigadora Lisa Randall, defenden na teoría das cordas, modelo predictivo fundamental da física teórica, un permanente estado vibracional do universo.

O relator: Lluís Nacenta



Lluís Nacenta é profesor, ensaísta e comisario nos campos da música experimental e do deseño acústico. Dá clase no grao de Deseño e no mestrado universitario de Investigación en Arte e Deseño de Eina - Centre Universitari de Disseny i Art de Barcelona, e é colaborador da revista *Nativa* e do suplemento *Cultura/s* de *La Vanguardia*. Foi coordinador do mestrado en Arte Sonora da Universitat de Barcelona, comisariou proxectos musicais e expositivos para Arts Santa Mònica, o Festival Sónar e o CCCB, impartiu cursos e conferencias no MACBA, o CCCB, o Espai Cultural Caja Madrid e Can Felipa. Tamén colabora na produción da serie *Son(i)a* de Radio Web MACBA.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello, saxofóns / Carlos Méndez, contrabaixo / Ángel Faraldo, electrónica

Sobre a obra e o compositor





Figura esencial da vangarda musical do século XX, o alemán **Karlheinz Stockhausen** (Mödrath, 1928 – Kürten-Kettenberg, 2007) posúe unha obra inabarcable que vai desde a música aleatoria ao serialismo, pasando pola electroacústica e a composición matemática. Pioneiro no campo da improvisación electrónica, dos concertos de música electrónica en directo e da música intuitiva, escribiu máis de trescentas composicións. A súa obra constitúe unha extraordinaria influencia no desenvolvemento da música da segunda parte do século XX.

TIERKREIS revisitado

Tierkreis, zodíaco en alemán, é unha obra de Karlheinz Stockhausen (1928-2007) que, aínda sendo orixinalmente escrita para caixas de música, admite calquera tipo de instrumentación. Trátase de 12 sinxelas melodías, cada unha delas asignada a un signo zodiacal.

Tierkreis revisitado propón unha reinterpretación do clásico de Stockhausen a partir da personalísima visión do compositor **Ángel Faraldo**. Unha rendida homenaxe a un dos compositores máis carismáticos do século XX aproveitando as posibilidades de espacialización que ofrece o planetario da Coruña.

Escoitaremos *Tierkreis revisitado* observando as correspondentes constelacións no espazo nunha proposta multisensorial acompañada polo verbo do profesor, ensaísta e comisario **Lluís Nacenta**, experto coñecedor das músicas actuais, que percorrerá connosco afastadas galaxias sonoras para darnos a coñecer algunhas das máis importantes achegas que apareceron desta relación nos últimos anos.

A música e o diabólico

Venres 14 de novembro ás 20.00 horas. Museo de Pontevedra (Pontevedra)

Coa participación do profesor e ensaísta Enrique Gavilán (autor de *Otra historia del tiempo*, ed. Akal)

Programa:

Salvatore Sciarrino (Italia) *Tre notturni Brillanti* (1974-75)

Mauricio Pauly (Costa Rica) *Its fleece electrostatic* (2012)

Pierluigi Billone (Italia) *Mani. Giacometti* (2014)

DISTRACFOLD ENSEMBLE (MANCHESTER)/

agrupación convidada Do Audible 2014

Linda Jankowska, violín/ Emma Richards, viola/ Alice Purton, cello

Case todas as culturas lle recoñecen un poder excepcional, temible e admirable. O “encantamento” nace do canto: *incantare* significaba en latín cantar fórmulas máxicas. Nun coñecido ensaio, Rousseau advertía de que a música non se escoita só como algo que está fóra, senón que un mesmo se converte en música, xa que ela ten a capacidade de nos posuír. Na matemática das estruturas musicais percibiuse tanto a orde esencial do universo coma un dispositivo diabólico, unha burla da orde divina, similar á maxia.

Coa súa beleza demoníaca, a súa capacidade para o encanto e a posesión, a súa ambigüidade insoluble, cuxa manifestación máis sinalada sería o intervalo de cuarta aumentada ou *diabolus in musica*, a música sempre foi percibida con receo, sospeitosa como é dunha pegada diabólica.

O relator: Enrique Gavilán



Profesor de Historia Medieval na Universidade de Valladolid, membro do grupo Sagunto, grupo de investigación e acción teatral da Universidade de Valencia, é tamén profesor convidado na Universidade de Bayreuth. O seu traballo céntrase na teoría da historia, en particular, nas relacións entre teatro e historia. Entre as súas publicacións destaca a edición española da *Sociología de la religión*, de Max Weber, e *Escúchame con atención. Liturgia del relato en Wagner* (2007). Tamén é autor de *Otra historia del tiempo* (2008) e *Entre la historia y el mito: el tiempo en Wagner* (2013), todos eles publicados pola editorial Akal.

Sobre as obras e os compositores



De esquerda a dereita: Pierluigi Billone, Salvatore Sciarrino e Mauricio Pauly

Pierluigi Billone (Italia, 1960) é un dos compositores actuais máis recoñecidos e autor dunha obra fundamental e profundamente orixinal que cuestiona os nosos hábitos de escoita e as posibilidades instrumentais. En *Mani.Giacometti* para violín, viola e violonchelo explora as posibilidades de manipulación dos tres instrumentos de corda ata límites insospeitados, atopando timbres e texturas sonoras absolutamente orixinais.

Salvatore Sciarrino (Palermo, 1947) é un dos grandes mestres vivos da música do noso tempo. Os seus *Tre notturni Brillanti* dos anos 70 son pezas de virtuosismo para viola que estenden as posibilidades do instrumento sen desnaturalizalo e ilustran as palabras do antropólogo suízo Alfred Métraux: “As estrelas son mulleres que acenden a noite con lume xeado. É perigoso tocarlas porque estoupan”.

O título *Its fleece electrostatic* (2012), o seu vélaro electrostático, provén da novela de David Foster Wallace *A broma infinda*. Nesta peza para violín e pedais de guitarra podemos visualizar nitidamente como extrae o violinista sons completamente alleos ao seu instrumento a partir da electrónica.

Mauricio Pauly (1976), compositor de Costa Rica asentado no Reino Unido, compaxina o seu labor como compositor de música electroacústica co de baixista eléctrico e codirector artístico do Distracfold Ensemble.

Sobre a agrupación convidada DO AUDIBLE 2014



DISTRACTFOLD ENSEMBLE

Desde o seu debut no ano 2011, Distractfold estableceuse como unha voz potente e arriscada na comunidade británica. O grupo especialízase en música instrumental, acusmática e híbrida do século XXI, escrita por compositores da nova xeración. Forxou colaboracións produtivas coa Architectural Association de Londres (que tiveron como resultado concertos en Madrid, a Trienal de Lisboa, Londres, Barcelona e Berlín) e coa Fundación Anthony Burgess en Manchester (onde manteñen unha residencia artística). No 2014 o grupo estivo en residencia nas universidades de Leeds, Brunel e Huddersfield no Reino Unido, e en Ithaca College, no estado de Nova York.

Distractfold é un dos catro ensembles novos convidados a presentarse en Darmstadt 2014 e estará en residencia no Festival Bruit de la Musique en Creuse, Francia. Outros concertos no 2015 inclúen unha colaboración co grupo Soundinitiative en París e unha invitación do Instituto de Música Nova en Basilea, Suíza.

Linda Jankowska, violín
Emma Richards, viola
Alice Purton, cello
Mauricio Pauly, codirector artístico



VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons, na cidade de Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas.

O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

galicia



2014

DO AUDIBLE

música en diálogo
coa arte,
coa ciencia
e co pensamento
contemporáneos

Información aos medios:
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
prensa.cultura.educacion@xunta.es
Telf. 981 957 350 / 981 544 490

vertixe sonora
ensemble



XUNTA
DE GALICIA